

A BUBELA

Boletín informativo de 5º de Primaria do CEIP de Sestelo-Baión

Nº 3 - DECEMBRO 2012



Prestige: Crónica en negro

NOEL LABANDEIRA

O Prestige foi un barco petroleiro que pasou por diante da Costa da Morte. O 13 de novembro do ano 2002 o barco abriuse pola metade. A mancha de petróleo non era gran cousa, pero estendeuse por todas as praias. Os animais quedaron cubertos de petróleo. O petróleo chegaba en ondas.

A xente, tamén meu tío, axudou a sacar o petróleo en barcos. O capitán quedou arrestado e agora asiste a un xuízo. Os mariñeiros foron rescatados por un helicóptero. O barco ese día non podía navegar. Quedou atascado cunha pedra e por culpa do Prestige morreron os animais do fondo do mar, peixes e tamén paxaros.

As nosas illas

LAURA COBAS

As Illas Atlánticas están compostas polas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada. No ano 2002 convertéronse no primeiro Parque Nacional de Galicia.

As Cíes conforman unha auténtica barreira natural á entrada da ría de Vigo. O arquipélago está formado por tres illas: Monteagudo, Faro e

San Martiño. As de Monteagudo e Faro están unidas por un extraño areal.

Á beleza natural destas illas hai que engadir o seu valor científico: destacan as colonias de aves como as gaivotas patiamarelas, que teñen alí a colonia máis grande do mundo. A flora tamén é moi relevante, con especies únicas.

FICHEIRO DE ANIMAIS

A cebrá de grevy

ISMAEL LUNA

Fai moito era coñecida polo nome de "cabalo tigre". É a máis antiga da súa especie, a máis bonita e a máis alta con 150 centímetros. Tamén foron estes os primeiros animais con cascós. Habitan no nordeste e leste de África: Kenia, Somalia e Etiopía.



OPINIÓN

Os recortes do goberno

CAROLINA ÁLVAREZ

Desde o ano pasado o goberno está facendo recortes en sanidade e educación. Non me gustan nada estes recortes porque se recortan en sanidade non haberá quen cure as enfermidades. E se o fan tamén nas escolas non haberá quen ensine aos nenos.

Rajoy debería pensar antes de facer nada e tamén pensar se beneficiará a humanidade ou a perxudicará.

Os recortes supoñen para a humanidade un perxuízo enorme. Isto non é bo para nós. Poñámonos as pilas e protestemos. Xuntos podemos lograr parar os recortes. Unámonos contra Rajoy. Se non, aos enfermos non os curará ninguén. E os nenos non terán futuro porque non terán ensino.

Dicide non aos recortes.

Unha tarde no circo

LUCÍA JUEGUEN

O circo Coliseo gustoume moito. Tiña pallasos, trapevistas, malabaristas e moitos animais. O espectáculo foi moi entretido e paseino moi ben. O ambiente foi espectacular, e tamén foi moitísima xente, sobre todo pais con nenos.

Sen embargo todos os animais estaban en condicións moi malas. As leas, as tigresas e os osos vivían en xaulas moi reducidas. Os ponis, o camelo e o watusi estaban atados e os leóns mariños vivían nun camiión.

Hai que lembrar que todos estes animais viven en liberdade e en estado salvaxe polo que no circo están sufrindo ao faltarlle espazo.

Penso que o circo sería máis bonito e se disfrutaría moito máis se só tivera persoas facendo as súas habilidades: os equilibristas, malabaristas, trapevistas, pallasos, etc. e deixaran en paz aos animais no seu estado salvaxe.

Ferramentas para a escola do século XXI

DAVID PAZ/ DANIEL ÁLVAREZ/ SARA VIDAL

A escola está en continuo cambio. As novas tecnoloxías, ben utilizadas, poden ser unhas estupendas ferramentas que axuden a mellorar as destrezas do alumnado nunha chea de áreas. Na nosa aula comezamos a empregar dúas de estas ferramentas colaborativas: Storybird e Edmodo.



Edmodo é unha páxina de aspecto parecido a Facebook, pero só de aspecto. Esta é unha páxina que máis ben é para colexios. Serve para comunicarse, cada un desde a súa casa, os profesores e os alumnos, pero tamén os familiares dos alumnos.

En Edmodo podes ver os exames e máis cousas dos teus fillos, sobriños, etc. Tamén podes charlar e subir fotos e vídeos. Podes facer xogos. E o máis importante é que pasas o tempo divertíndote e non facendo trasnadas.



Storybird é un programa gratuito de ordenador onde podes escribir historias. Trae moitos debuxos para dar ideas do que podes escribir. Ten un recadro onde se publican os comentarios ou opinións das persoas que len as túas historias.

Storybird tamén permite facer historias entre dous ou máis compañeiros. Vanse turnando ata rematar o conto. Con Storybird podemos compartir o que escribimos pois todos os compañeiros poden ver o que facemos.

HISTORIAS DAS NOSAS VIDAS



A miña cadela Xorxa

por Alexandre Sánchez

Érase unha vez unha cadela que se chamaba Xorxa. Unha mañá miña nai e a miña cadela foron tirar o lixo, pero apareceu un chihuahua e mordeulle no cuíño, e marcharon correndo hacia a miña casa.

A miña casa é de cor branca e é moi bonita, pero a miña cadela Xorxa é moi travesa e tamén é un pouco tonta, pero é moi boa.

Pola noite hai que pechala no garaxe, é moi misteriosa. Pero ás veces xogo con ela e tamén rompe cousas, e tamén é moi xoguetona.

Baión protesta polo peche da oficina de Novagalicia

RAFAEL SILVA

Os veciños de Baión fixeron unha folga polo peche da sucursal bancaria de Nova Galicia Banco en Baión. Estanse recollendo firmas para poñerse contra eles, para que non pechen a porta.

Despois de 36 anos funcionando, os veciños non están de acordo co seu peche xa que está situada en bo sitio. E que hai moita xente maior sen coche que aproveita para vir ao médico e á farmacia, e tamén ao banco.

Na opinión da veciña María José Noya o peche é moi mala decisión e de chegar a iso preferiría cambiar para outro banco. Considera que deberían xuntarse todos os clientes e presionar con cambiar de banco.

Se cueres saberlo todo,
visita a páxina cc cole
en FACEBOOK

www.facebook.com/ceipsestelobaion

"Una gota, una vida" dará auga a 1.800 nenos de Senegal

ÁNXELA LEDE

Paula Vázquez estreou "Una gota, una vida", un programa de televisión con fins solidarios que formou parte da campaña 2012 polos dereitos da infancia da Fundación Antena-3.

O proxecto pretende construír pozos de auga potable e sistemas de saneamento básico para 1.800 nenos de seis escolas das rexións de Matom e Bakel, no noroeste de Senegal.

Nestes lugares a mortalidade infantil é de 121 por cada mil nacidos vivos. A mellora da auga, a hixiene e o saneamento reduce a incidencia de enfermidades, mellora a asistencia escolar dos menores e favorece o seu entorno medioambiental.

A BUBELA

Boletín informativo de 5º de Primaria do CEIP de Sestelo-Baión

Coordinador de redacción: David Paz Nóvoa

Redactores e redactoras: Adrián Agrelo Lobato, Daniel Álvarez Osorio, Carolina Álvarez Touriño, Laura Cobas Vázquez, Lucía Jueguen Romanos, Noel Labandeira Feijoo, Ánxela Lede García, Ismael Luna Salgueiro, Alexandre Sánchez Castro, Rafael Silva Noya e Sara Vidal Pinto.